

# Cruceiro de Trebello



## Descrición

Baseamento:

Plataforma: Consta de tres gradas moi deterioradas.

Pedestal: Prismático con volutas. Nel atópase o oco dun esmoleiro pechado cunha portiña de ferro.

Fuste: Dividido en dous corpos, o inferior octogonal e superior cilíndrico. No fuste atópanse dúas pequenas furnas, ambas sen imaxes. Pegado ao fuste, no seu extremo superior, está colocado un pequeno reloxo de sol, construído nunha lousa de pedra.

Capitel: De inspiración corintia. É só visible no anverso, xa que no reverso ocupa o seu espazo a imaxe da Virxe.

Cruz: Leñosa.

Anverso: Cristo con INRI, coroa de espiñas, cabeza ladeada cara á dereita, mans abertas, tres cravos, manto da pureza con nó á esquerda, caveira ós pés.

Reverso: Piedade co Cristo apoiado no brazo esquerdo. Esta figura está pesada ao capitel, de forma que se atopa a un nivel inferior co Cristo, estando a unha mesma altura a cabeza da Virxe e os xeonllos de Cristo, quedando totalmente descuberta a parte posterior da cruz.

Altura:

0,70 m. pedestal

2,30 m. fuste e capitel

1,00 m. cruz

Propiedade: Pública.

## Adscrición cultural

Sen definir

Tipoloxía

Cruceiro

## LOCALIZACIÓN

Parroquia

Augasantas

Lugar

O Trebello

## Coordenadas UTMT29 ETRS89

X: 545999 Y: 4698121

## Coordenadas WGS84

Lonxitude: -8.442299 O

Latitude: 42.432118 N

